

Accións formativas con compromiso de contratación

en unidades formativas das empresas

TR301P

Información para alumnado

Accións formativas con compromiso de contratación dirixidas á cualificación profesional das persoas traballadoras desempregadas para o desempeño dos postos de traballo

Orzamento 2025:
8.000.000€

**Prazo límite de
execución das
accións formativas
29 de novembro
de 2025**



Alumnado destinatario das unidades formativas

- As **persoas traballadoras desempregadas** que na data de validación da acta de selección polas oficinas de emprego estean inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia e con **situación laboral como non ocupadas**.
- As persoas que, sen estar inscritas como demandantes, **así o determina unha norma específica** e, en particular, **as persoas mozas inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil**.
- Poderán participar tamén **as persoas demandantes de servizos previos ao emprego**, previa conformidade da entidade beneficiaria da subvención.

Tes todas as
unidades
formativas
disponibles
nun click!



Diplos

Accede ao buscador de cursos



Contratación do alumnado

- Cada acción formativa incluíra un compromiso de contratación **dun mínimo do 60%** do alumnado formado e/ou aprobado en contratos cunha duración mínima de 6 meses ou do **40%** se a contratación é por 12 ou máis meses.
- A contratación comprometida **realizarase nun prazo máximo de 2 meses** desde o remate da acción formativa e **nunha ocupación e categoría relacionada** coa especialidade formativa impartida.
- Para o compromiso de contratación **priorizarase ao alumnado aprobado sobre o alumnado formado**.
- **Considerarase como contratación a incorporación do alumnado como socio traballador ou socia traballadora**, ou de traballo nunha sociedade cooperativa ou sociedade laboral.

**Accións
formativas con
compromiso
de contratación**

Accións formativas con compromiso de contratación

en unidades formativas das empresas

TR301P



Selección do alumnado

- A entidade beneficiaria poderá efectuar, de xeito sucesivo pero non simultáneo, a **selección directa ou mediante a solicitude** de persoas candidatas á **oficina de emprego**.
- No caso de selección directa terán **prioridade de participación no proceso de selección** as persoas traballadoras desempregadas que exerzan o seu dereito de elección de centro **a través do portal Diplos** da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade ou **dunha oficina de emprego**.
- **A selección de persoas candidatas** incluírá a realización dunha **proba de selección**.



Diplos



Prácticas non laborais

As prácticas non laborais incluídas no programa formativo **podrán desenvolverse en empresas dentro do prazo de execución da acción formativa**, respectando a súa duración e previa subscripción dun acordo entre a empresa e a entidade de formación, do que se informará ao alumnado que vaia participar nelas.



Dereitos e deberes do alumnado

Dereitos


- ▶▶ Recibir información do alcance, obxectivos e requisitos da formación.
- ▶▶ Participar nas unidades formativas de xeito gratuíto.
- ▶▶ O alumnado seleccionado para unha acción formativa non poderá asistir simultaneamente a outra formación profesional para o emprego financiada con fondos públicos.
- ▶▶ Coñecer as condicións básicas de contratación laboral proposta.
- ▶▶ Solicitar unha axuda ou bolsa durante a actividade formativa.

Bolsas



+ Info

Convocatoria



Deberes

- ▶▶ Asistir e seguir con aproveitamento a acción formativa, atendendo ao correcto cumprimento de horarios e asistencia.
- ▶▶ Facilitar toda a documentación requirida pola entidade de formación nos prazos establecidos.
- ▶▶ Rexistar a asistencia mediante os sistemas de control autorizados, incluído mediante o DNI-e e código QR.
- ▶▶ Responder ao formulario de enquisa de avaliación da calidade ao remate da actividade formativa.